



## **CRITERIOS DE CORRECCIÓN, VALORACIÓN E SUPERACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO PARA O INGRESO NA AGRUPACIÓN PROFESIONAL DE PERSOAL FUNCIONARIO SUBALTERNO DA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.**

En sesión que tivo lugar o 3 de xullo de 2023, o tribunal nomeado pola Resolución do 28 de abril de 2023 (DOG núm. 88, do 9 de maio de 2023) encargado de cualificar o proceso selectivo para o ingreso na agrupación profesional de persoal funcionario subalterno da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, convocado pola Resolución do 30 de marzo de 2022 (DOG núm. 65, do 4 de abril de 2022) , acordou de conformidade coas bases II.1.1.1 e II.1.2.10 da convocatoria, establecer os criterios de corrección, valoración e superación do primeiro exercicio do proceso selectivo que a continuación se detallan:

### **1. CUESTIONS XERAIS SOBRE A PROBA**

O primeiro exercicio consistirá en contestar por escrito un cuestionario de sesenta (60) preguntas tipo test, propostas polo tribunal, das cales vinte (20) corresponderán á parte común do programa e corenta (40) á parte específica, máis cinco (5) preguntas de reserva, das cales dúas (2) corresponderan á parte común do programa e tres (3) á parte específica, e que substituirán as preguntas anuladas de cada parte pola súa orde.

As preguntas terán catro (4) respostas alternativas propostas polo tribunal, das cales só unha delas será a correcta.

O exercicio cualificarase de 0 a 100 puntos.

As regras de puntuación serán as seguintes:

- Cada resposta correcta equivale a una unidade de puntuación.
- Cada resposta incorrecta descontará un cuarto dunha pregunta correcta.
- As preguntas non contestadas non penalizan nin reciben puntuación.

As preguntas adicionais de reserva serán valoradas só no caso de que se anule algunha das preguntas do exercicio.

O exercicio terá unha duración de cento vinte (120) minutos. Todo isto, sen menoscabo da adopción de medidas precisas naqueles casos en que resulte necesario para que as persoas aspirantes con adaptacións específicas gocen de similares condicións para realizar os exercicios que os restantes participantes.





## 2. DETERMINACIÓN DA SUPERACIÓN DA PROBA E DO NÚMERO DE APROBADOS

En cumprimento da potestade de determinación do criterio de superación do exercicio indicado, o tribunal acordou que superarán o exercicio as persoas aspirantes que teñan as mellores puntuacións ata completar o número máximo de 476 persoas aspirantes, cifra que ven determinada polo resultado de multiplicar por catro (4) o número de prazas convocadas, cento dezanove (119), sempre que acaden o mínimo do 50 % das respostas correctas, unha vez feitos os descontos correspondentes.

De darse o caso de que o número de aspirantes que superen este exercicio non sexa o previsto no parágrafo anterior, rebaixarase ata un mínimo do 40 % das respostas correctas, unha vez feitos os descontos correspondentes, ata chegar ao número de persoas aspirantes determinadas no parágrafo anterior.

Todas as persoas aspirantes con idéntica puntuación a aquela que marque a nota de corte establecida de acordo cos criterios anteriores, consideraranse igualmente que superaron o exercicio, podendo neste caso superarse o número de 476 persoas aspirantes.

Asignarase unha valoración de 50 puntos no exercicio ás persoas aspirantes que obteñan unha nota equivalente á nota de corte. O resto das persoas declaradas aptas terán unha cualificación distribuída entre os 50 e os 100 puntos proporcional ao número de respostas acertadas. Do mesmo xeito, asignarase a puntuación proporcional que corresponda as persoas aspirantes declaradas non aptas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Isabel Fariña Negreira

A presidenta do tribunal

